

*Resolución do 26 de novembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquesta (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), instrumentos históricos de corda fretada (095), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115).*

Por unha Resolución do 15 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquesta (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), instrumentos históricos de corda fretada (095), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquesta (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), instrumentos históricos de corda fretada (095), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115), de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional nas especialidades reseñadas e facelas públicas no portal da Internet desta consellería (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>).



En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquesta (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), instrumentos históricos de corda fretada (095), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro. De acordo co disposto na base sexta da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas, unha vez presentadas no rexistro oficial correspondente, deberán adiantarse escaneadas (co selo de rexistro) tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.secundaria@edu.xunta.gal](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.gal)

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

